pontevedra

Diaria Prensa:

Tirada: Sin datos OJD Difusión: Sin datos OJD



Página: 3

Sección: LOCAL Valor: 580,00 € Área (cm2): 149,4 Ocupación: 16,36 % Documento: 1/1 Autor: Núm. Lectores: 30000

O Auditorio acolleu a entrega de premios da terceira edición da Mostra Musical do Eixo Atlántico



Antes da entrega dos premios tivo lugar un concerto da Banda.

F.F.> VILAGARCÍA

n O secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, visitou onte Vilagarcía para clausurar a terceira edición da Mostra Musical do Eixo Atlántico que reuniu no Auditorio Municipal a máis de douscentos artistas novéis procedentes de Galicia e Portugal. O responsable autonómico foi o encargado de repartir os premios aos elixidos polo xurado despois das audicións celebradas durante a xornada do sábado. Na categoría de solistas resultaron elixidos Raquel Areal, Sara Areal e Amaro Sampedro. Na categoría de agrupación de cámara distinguiuse ao grupo de clarinetes "Chalumiaux" do Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía. Nas agrupacións maiores destacouse á Orquestra de Cordas do Conservatorio Rexional de Música da localidade lusa de Vila Real.

PONTEVEDRA

Prensa: Diaria

Tirada: 7.999 Ejemplares Difusión: 6.888 Ejemplares

Página: 53

Sección: SOCIEDAD Valor: 159,00 € Área (cm2): 99,5 Ocupación: 9,51 % Documento: 1/1 Autor: Núm. Lectores: 47000

Máis dun cento de artistas noveis participan na III **Mostra Musical** do Eixo Atlántico

VILAGARCÍA. Máis dun cento de artistas noveis participaron na III Mostra Musical do Eixo Atlántico en Vilagarcía de Arousa, segundo informou onte a Consellería de Cultura, que participou onte na súa clausura. A mostra é un encontro que reuníu entre o sábado e domingo un total de 142 artistas noveis. O acto de clausura celebrouse no auditorio municipal do concello pontevedrés e contou coa participación do secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, quen destacou «o interese da iniciativa pola súa contribución ao intercambio cultural entre intérpretes musicais de Galicia e de Portugal».

O obxectivo desta cita de referencia para os novos valores, en palabras de Lorenzo, é recoñecer, promover, e premiar a obra daqueles músicos intérpretes que, polo seu valor e interese, contribúen á difusión do gusto pola música de Galicia e do norte de Portugal.

PARTICIPANTES. No encontro participan novos intérpretes que son, ademais, mozos dos municipios membros do Eixo Atlántico, que cursan estudos en Escolas de Música ou en Conservatorios Profesionais (no caso de Galicia) e Escolas Profesionais e Conservatorios (no caso de Portugal), dos concellos do Eixo Atlántico.

«O Concello e Cooperación Transfronteiriza Galicia Norte de Portugal favorecen a innovación, a calidade, a interacción e a renovación no panorama musical do Eixo Atlántico a través dos artistas máis novos», segundo indicou a Xunta.

Prensa: Diaria

Tirada: 18.691 Ejemplares
Difusión: 15.781 Ejemplares

Cód: 57751815

Página: 3

Sección: LOCAL Valor: 0,00 € Área (cm2): 61,5 Ocupación: 12,68 % Documento: 1/1 Autor: Núm. Lectores: 63124

La Mostra Musical do Eixo Atlántico se clausura con un alto nivel de participación

VILAGARCÍA / LA VOZ

Fue un fin de semana cargado de música que se clausuró ayer con la entrega de premios a los mejores intérpretes que pasa-ron por el auditorio de Vilagar-cía para participar en la tercera edición de la Mostra Musical do Eixo Atlántico, una cita muy concurrida ya que, en el encuentro, mostraron su virtuosismo 142 jóvenes procedentes de 13 ciudades distintas de Galicia y el norte de Portugal.

Tras las interpretaciones del sábado se seleccionó al grupo de aspirantes que pasó la fase previa, y ayer se desarrolló la fase final a lo largo de toda la mañana. Ya por la tarde se entregaron los premios a los jóvenes que el jurado seleccionó en distintas categorías, y que fueron los siguientes: Raquel Areal Martínez como solista del grupo A, con una mención especial para Pedro Antonio Lopes Carbalho. Como solista del grupo B se eligió a Sara Areal Martínez, con mención especial para Ricardo Alexandre Mateus Frade. El solista elegido del grupo C fue Amaro Sampedro López.

En la categoría de agrupación de cámara se llevó el premio el grupo de clarinetes Chalumiaux del Conservatorio de Vilagarcía, mientras que en la agrupación de mayores, el premio fue para la Orquestra de Cordas del Conservatorio Regional de Música de Vila Real, con mención especial para Ensemble de Sopros da Academía das Artes de Chaves.

pontevedra

Prensa: Diaria

Tirada: Sin datos OJD Difusión: Sin datos OJD



Página: 8

Sección: LOCAL Valor: 429,00 € Área (cm2): 107,4 Ocupación: 10,45 % Documento: 1/1 Autor: reDacción > VILAGARCÍA Núm. Lectores: 15000

O Auditorio acolle hoxe a clausura da terceira Mostra Musical do Eixo Atlántico

REDACCIÓN > VILAGARCÍA

n O Auditorio Municipal acolle a partir das cinco da tarde a clausura oficial da Mostra Musical do Eixo Atlántico que se leva desenvolvendo na capital arousá ao longo de toda a fin de semana. Está previsto que ademáis de personalidades políticas de corte local estean presentes tamén o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo.

A Mostra do Eixo é un evento de periodicidade bienal que se desenvolveu onte e que continúa hoxe e no que participan un total de 142 músicos novéis de trece cidades galegas e portuguesas. De feito, ademáis de Vilagarcía tamén están presentes outras localidades como son Riveira, Vigo, O Barco de Valdeorras, A Coruña, Santiago, Vilanova de Famaliçao, Vila Real, chaves, Barcelos, Vila do Conde e Viana do Castelo.

Ao longo de toda a xornada de onte desenvolvéronse as audicións que se desdobraron en dúas tandas debido ao elevado número de participantes.

O acto de clausura non será hoxe unicamente de corte protocolario. De feito aparte da intervención do alcalde de Vilagarcía, Tomás Fole, e do secretario xeral de Política Lingüística tamén actuará a Banda de Vilagarcía que interpretará para a ocasión temas de Hardy Mertens, Artie Shaw, así como a segunda sinfonía do compositor rianxeiro Antón Alcalde, unha elección que se fixo co obxecto de contribuír á difusión da obra de compositores galegos fóra das nosas fronteiras. O acto rematará cando se poña en coñecemento do público o fallo do xurado e a entrega de galardóns aos premiados.